



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2012

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os señores Xurxo Dopico, María José Martínez e Pedro Nogueira López.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe dando conta da reunión do Consello Galego de Universidades o pasado 28 de marzo, en que, entre outros puntos, se someteron ao informe deste órgano dous borradores de anteproxecto de lei, o do sistema universitario de Galicia e o de fomento da investigación e a innovación en Galicia.

Trátase de dous importantes borradores, a que a Universidade da Coruña presentou en tempo e forma alegacións, polo que nos abstivemos de informar favorablemente.

Informa o reitor de que con data 18 de abril, comezou oficialmente a andaina da Axencia Galega de Innovación, coa parella supresión da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria. Pasa a ser director da Axencia o exdirector xeral, Ricardo Capilla Pueyo.

Informe sobre a situación creada a raíz do Real decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, con todos os aspectos que implica. O reitor lembra os dous comunicados emitidos pola CRUE no último mes sobre a eficiencia das universidades españolas, en contestación aos posicionamentos. Tamén lembra que a UDC mantén os seus criterios de manter as taxas no límite máis baixo legalmente posible, de conformidade co acordo unánime adoptado polo Claustro Universitario da UDC o 17 de abril de 2008, que o reitor le. Comenta a intención de convocar Claustro nos vindeiros días para



analizar o posicionamento do máximo órgano sobre a situación creada polo Real decreto-lei 14/2012.

A continuación, cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, para que informe das actividades do seu ramo. O vicerreitor explica a forte redución do investimento en investigación por parte dos orzamentos xerais do Estado para 2012, de aproximadamente un 25%. Está pendente de concretarse o impacto desa redución nos programas de investigación e recursos humanos financiados polo Ministerio.

Lembra tamén a reunión do día 12 de abril cos directores dos programas de doutoramento, directores de departamento e decanos en relación co calendario e coas normas básicas sobre a presentación de propostas de programas de doutoramento para o curso 2013-2014. O 4 de maio remata o prazo para presentación de declaración de intencións. Están a facerse reunións continuas sobre o regulamento de doutoramento, posiblemente conxunto, coas tres universidades do sistema universitario galego.

O 20 de abril publicouse a resolución dos contratos predoutorais da UDC, e tamén a convocatoria propia de axudas á investigación, con cambios en materia de axudas ás estadias de investigación, vinculadas ao financiamento plurianual dos grupos de investigación. Por último, o vicerreitor explica que se está a traballar intensamente sobre a convocatoria das axudas aos grupos de investigación, en especial a súa pasaxe a unha convocatoria plurianual con avaliación externa por parte da ANEP. Xa se desenvolveron dúas reunións, no campus de Elviña (día 24) e de Ferrol (25 de abril), cos grupos de investigación e os investigadores individuais.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa sobre as reunións desenvolvidas para avaliar a situación creada polo Decreto de titulacións (número mínimo de matriculados), en especial o asunto dos prazos nas matrículas de mestrados, pola existencia de dous prazos de matrícula. Deberán ter os 20 matriculados en setembro e, de non ser así, agardar a que se poidan reunir para comezar as aulas.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que, desde o anterior pleno ordinario, tivo lugar unha reunión da Comisión de Asuntos Económicos, delegada do Consello de Goberno o 19 de abril. Nela a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas informou da imputación ao exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios



anteriores por un total de 825.356,30 € correspondentes cos informes do Servizo de Intervención V-0006-12, V-0007-12, V-0008-12.

Así mesmo, a Comisión aprobou validación de expedientes de gasto por un valor total de 103.795,69 € correspondentes ao informe C-0003-12 do Servizo de Intervención de data 18.04.2012.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa, pola súa parte, de que o vindeiro mércores 2 de maio empezará a funcionar o ximnasio (sala *fitness*) que está situado no edificio novo do campus. A este edificio trasladaranse proximamente os servizos de Cultura, Deportes e Cooperación e Voluntariado. Está aprobada e co visto e praxe da Oficina de Urbanismo e Medio Ambiente a plantación de novo arborado no campus de Esteiro (con cargo á empresa adxudicataria). O xoves día 3 de maio plantaranse 14 novas especies, co cal haberá 70 especies distintas en total en todo o campus. Instalouse unha praza verde para vehículos no aparcamento da EUP en Serantes (con cargo á empresa adxudicataria que contou cunha subvención oficial para facelo).

Canto á actividade da Oficina para a Igualdade de Xénero, elaborouse un convenio de colaboración coa federación scout ASDEGA (ASDE-SCOUTS DE GALICIA) para executar o proxecto «Camiñando cara á igualdade» dentro do marco de acción dos programas de interese social a cargo do 0,7 % do IRPF do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. Asemade, subvencionáronse as seguintes actividades:

- III Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte, impartidas na Facultade de Ciencias do Deporte entre o 28 de marzo e o 23 de abril;
- III Xornadas de Igualdade “Muller e Ciencia”, realizadas o 20 de abril na Facultade de Ciencias do Traballo;
- Seminario Internacional sobre Xénero, Transnacionalismo e Desenvolvemento: Estratexias Internacionais de Mobilidade Social, que tivo lugar os días 27 e 28 de abril 2012, organizado por ESOMi-Equipo de Investigación en Socioloxía das Migracións Internacionais, Universidade da Coruña.

Desde a Oficina, e coa colaboración de expertas filólogas da UDC, participouse no debate sobre sexismo e linguaxe, concluindo coa elaboración dun manifesto sobre lingua e sexismo, que está na web da Oficina.



Significar tamén que, a día de hoxe, está practicamente concluído o proceso de recompilación de datos para elaborar o diagnóstico sobre a situación de igualdade na UDC. Estase xa iniciando o proceso de análise dos datos obtidos, de cara á súa publicación.

Na Unidade de Atención á Diversidade, estamos a traballar na posta en marcha da Rede UDC-Universal, unha rede enmarcada dentro do Plano de Acción Titorial e que pretende ter un/unha titor/a de referencia en cada centro para temas de diversidade. Estase tamén a rematar coa preparación dunha campaña de sensibilización que imos realizar no mes de maio en diversas facultades.

Por último, o reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen lle expón aos membros do Consello de Goberno, como cuestión de orde, a necesidade de utilizar con prudencia e sentido institucional a documentación que se lles achega de xeito nominativo, para evitar situacións que vulneren dereitos, ou que redunden en prexuízo da propia institución.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de marzo

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun convenio marco (1), oito convenios específicos (8) e trinta e tres convenios para prácticas (33) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Anteproxecto de orzamento e Plano operativo anual 2012

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas toma a palabra para expor as magnitudes básicas de ingresos e gastos do orzamento da Universidade para 2012, ben como o plano operativo anual, en



cumprimento do plano operativo plurianual 2011-2013 aprobado polo Claustro Universitario do 18 de novembro de 2010.

A vicerreitora expón as desviacións entre as magnitudes de ingreso e gasto de 2012 e o previsto no POA.

Unha vez exposto o proxecto de orzamento, ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra Manuel Casteleiro, preguntando pola baixada do Capítulo I. A vicerreitora explica que se baixa respecto do orzado o ano pasado, pero indo ao liquidado. Baixada de capítulo II que vai aos centros. E pregunta pola repercusión da baixada do capítulo VI, se afecta aos centros. A vicerreitora explica que si.

Luis Castedo valora positivamente que a redución sexa do 4,9%. Chama a atención sobre o aumento dos pasivos financeiros, relativos á devolución dos anticipos para a obra do CITEEC. O outro tema que destaca é o incremento do gasto en investigación, que considera claramente insuficiente. Debería irse incrementando en anos posteriores.

Anxo Calvo súmase aos parabéns á vicerreitora pola exposición sintética e clarificadora da situación orzamentaria en que nos topamos, especialmente cando o contexto é tan duro. Destaca que non se están dando bandazos, pois a baixada sitúase no POA e, ao mesmo tempo, manéxanse as previsións de ingresos de xeito prudente, mantendo as prioridades de gasto salvagardadas. Tamén destaca a redución do déficit orzamentario non financeiro.

Xosé Portela intervén para explicar o seu voto negativo aos orzamentos, por non satisfacer as aspiracións do seu colectivo de persoal laboral de PAS. Descenso do orzamento destinado á formación do PAS nun 40%. A vicerreitora explica que a execución desta partida foi sempre baixa, polo que se orzou un 15% máis do liquidado no exercicio de 2011.

Alberto Valderruten destaca o compromiso coa sustentabilidade da universidade pública que se desprende destes orzamentos.

Manuela Pinazas expón que a partida de formación do PAS foi planificada en 2011.



Anxo Calvo reitera a petición que lle fixo a Xosé Portela na Comisión de Asuntos Económicos para que cambiase o seu sentido do voto, dado que temos que ser realistas coa situación, e pensar en clave de toda a universidade, non en termos de grupos de interese.

Conclúe o debate a intervención do reitor, quen fai unha síntese do contido e do contexto da proposta orzamentaria, pedindo o apoio do Consello de Goberno.

O Consello de Goberno aproba por asentimento o orzamento e o Plano Operativo Anual, co voto en contra de Xosé Portela, segundo figura no **anexo IV**.

5. Renovación de membros do Consello Asesor da Oficina de Igualdade de Xénero

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social toma a palabra para expor a súa proposta de renovación dos membros do Consello Asesor da Oficina de Igualdade de Xénero. Este quedaría así:

- Ana Jesús López Díaz, directora da OIX.
- M.^a Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- Julio Abalde Alonso, vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

En representación do PDI por ámbitos científicos

- Narciso de Gabriel Fernández. Facultade de Ciencias da Educación
- Begoña Simal González. Facultade de Humanidades
- Almudena Filgueira Vizoso. Escola Politécnica Superior
- Javier Pereira Loureiro. Facultade de Ciencias da Saúde
- Carlos Platas Iglesias. Facultade de Ciencias

En representación do PAS

- María Yáñez Gato
- Diego Germiñas Boga



En representación do estudiantado:

- Lidia Sigüeiro Couselo
- Sonsoles Mosteiro Sigüenza

Apróbanse por asentimento.

6. Acordo sobre as figuras de PRCC

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón que a totalidade dos centros da nosa universidade implantaron xa os novos títulos de grao, que substitúen as anteriores titulación de 1.º e 2.º ciclo. Esta integración plena no EEES, permitiu a posta en marcha dunha oferta madura de títulos de mestrado, unicamente á espera da verificación e implantación dos mestrados que veñen substituír as titulacións superiores da rama de Arquitectura e Enxeñería.

Até o momento, estes procesos eran coordinados a nivel de centros polo Profesorado Responsable de Calidade e Convergencia (PRCC), cuxo nomeamento e regulación se facía a través de convocatorias anuais. A última delas, do 20 de setembro de 2011.

De cara aos procesos de acreditación das titulacións, cómpre adaptarmos as nosas estruturas institucionais e administrativas para fornecer un apoio firme aos centros no desenvolvemento dos novos títulos de grao e mestrados, en especial as accións derivadas do seguimento, modificación e mellora continua destes.

Para que a implicación institucional do centro sexa máis eficiente, resulta esencial que a coordinación de todo este proceso a nivel de centro sexa asumida por un membro do equipo de goberno, que asuma tal coordinación como función central.

É por isto que se considera oportuna a dotación dun novo posto de vicedecano/subdirector responsable de calidade en cada un dos equipos de goberno dos centros dos campus de Coruña e Ferrol da UDC.



En virtude de todo o anterior, acórdase:

PRIMEIRO: de conformidade co artigo 43 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, os/as decanos/as e directores/as dos centros proporánlle ao reitor, no prazo dun mes, o nomeamento do novo vicedecano/a ou subdirector/a, que se ocupará das funcións específicas relacionadas cos procesos de calidade deste.

SEGUNDO: o nomeamento deste novo membro do equipo de goberno do centro suporá o cesamento nas súas funcións do Profesorado Responsable de Calidade e Convergencia (PRCC) dos centros da UDC, nomeado a través da convocatoria da Universidade da Coruña do 20 de setembro do 2011.

Intervén Miguel Muñoz Cantero para explicar que no seu centro hai dous PRCC. O vicerreitor di que só pode haber un vicedecano, que cobre a carga deses dous PRCC. Seguirán existindo os coordinadores de titulación, aclara. Miguel Muñoz pregunta sobre os modelos dos manuais de calidade, e o vicerreitor di que xa se está a traballar sobre a simplificación deses modelos.

A proposta apróbase por asentimento.

7. Proposta de autorización de matrícula en estudos propios de posgrao

O vicerreitor de títulos di que no Regulamento de estudos propios de posgrao, o artigo 7.3 prevé a posibilidade de admitir nestes títulos a estudantes que non remataran aínda os seus estudos de grao. É preceptivo o informe do Consello de Goberno.

Por vez primeira, un estudante do grao de Educación Física, Miguel Beiro Costa, segundo a solicitude que figura como **anexo V**, pretende matricularse no Mestrado de Actividade Física e Saúde. Cumpre os requisitos previstos no regulamento, polo que se solicita informe favorable.

Apróbase por asentimento o informe favorable do Consello de Goberno.

O vicerreitor solicita que, para axilizar a tramitación, se delegue na Comisión de Estudos de Posgrao o informe destas cuestións.

Acéptase a proposta e autorízase por asentimento a delegación na Comisión de Estudos de Posgrao do informe previsto no artigo 7.3 do Regulamento de Estudos Propios.



8. Calendarios académicos 2012-2013

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón que se fixo, de novo, un esforzo de harmonización dos calendarios entre as tres universidades, mais a Universidade de Vigo fixo un calendario moi distinto da Coruña e Santiago, polo que se manteñen as liñas xerais dos calendarios académicos tradicionalmente vixentes na nosa universidade.

O vicerreitor explica as principais novidades dos calendarios de titulacións adaptadas ao EEES, que figuran o **anexo VI**.

Intervén Luis Castedo para pór de relevo os problemas derivados da realización da selectividade no mes de setembro. E pregunta polo calendario de Vigo. O vicerreitor insiste en que a selectividade no mes de setembro é un asunto permanentemente lembrado polas universidades á Consellaría, de momento sen resultados.

A continuación, o vicerreitor expón o calendario das titulacións non adaptadas ao EEES, que figuran no **anexo VII**.

Por último, o vicerreitor expón a situación peculiar da proposta de calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados, que figura como **anexo VIII**, derivada do Decreto da Xunta (número mínimo de 20 matriculados) e o Real decreto-lei 14/2012 (aumento das taxas académicas). Non se sabe que taxas hai que cobrarlles aos preinscritos non comunitarios (Iberoamérica). O vicerreitor di que para realizar as normas de matrícula é preciso elaborar un calendario, aínda que haxa que adaptalo posteriormente aos cambios que poidan desenvolver a Xunta e o Ministerio.

Pide a palabra Teresa López para suxerir que, para podermos chegar ao 20 de setembro co maior número de matriculados, hai facer un reaxuste que permita a preinscrición de persoas que están a cursar titulacións non adaptadas (licenciaturas). O 23 de xullo (remate do prazo de preinscrición). Prazo de publicación o 26 de xullo. Reclamacións 26-27. Publicación da listaxe definitiva, o día 30 de xullo. Matrícula a partir do día 1 de agosto.

O vicerreitor acepta a proposta.

Nos anteriores termos, os calendarios apróbanse por asentimento, segundo figuran nos ditos **anexos VI, VII e VIII**.



9. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

De conformidade coa normativa reguladora, tráese para a súa autorización a convocatoria de tres prazas de contratado doutor a tempo completo, correspondentes ás áreas de Comunicación Audiovisual e Publicidade, Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica e Enxeñaría Mecánica. Son prazas de promoción, e contan cos informes favorables da COAP e da mesa sindical, polo que seguimos cos nosos programas.

Apróbanse por asentimento, segundo figuran no **anexo IX**

10. Proposta de aceptación polo Consello de Goberno da doazón de Repsol-YPF

Toma a palabra o secretario xeral, quen expón que con data 16 de abril de 2012, M.^a Mercedes del Coro Fernández Feal, como coordinadora do grupo de investigación G000309, Laboratorio de Combustibles, do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), solicitou a aceptación dunha doazón de equipamento ofertada pola empresa REPSOL □ YPF (C.I. da Coruña), en concreto dous destiladores automáticos de produtos petrolíferos, marca “Tanaka”, e dun espectrofotómetro de FRX, marca “Spectro”, cuxas especificacións constan no anexo.

O destino da doazón é o servizo ao Laboratorio de Combustibles do CIT, que realiza múltiples probas de investigación e control de calidade dos hidrocarburos que se comercializan en Galicia. O laboratorio asumiría os custos de recuperación dos aparellos cos seus fondos propios

Acórdase por asentimento proporlle ao Consello Social a aceptación da doazón dos aparellos que figuran no **anexo X** ao Laboratorio de Combustibles da Universidade da Coruña

11. Proposta de aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica

O secretario xeral explica que se somete á aprobación do Consello de Goberno o Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica, creado por fusión dos antigos departamentos de Construcións Navais e de Enxeñaría Naval e Oceánica, segundo o acordo do Consello de Goberno da Universidade da Coruña do 22 de xullo de 2011.



Esta circunstancia fai necesario un novo Regulamento de réxime interno, polo que se procede á súa adaptación, de conformidade co regulamento-tipo. Conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno segundo figura no **anexo XI**.

12. Quenda aberta de intervencións

O reitor dálle a palabra a Francisco Alonso Tajés, quen pide que a redución horaria que cause a nova figura do PRCC se comunique ao seu departamento para a confección do POD.

Rosa Meijide di que está coordinando a modificación dun mestrado interuniversitario, e mostra a súa preocupación porque o vicerreitor da Universidade de Vigo dixo no Consello de Goberno que había que ir en dous anos a cumprir a proposta do Ministerio do 3+2 (grao e mestrado). O reitor di que iso é unha intención do Ministerio, pero de momento non pasou dunha reflexión.

Fernando Agrasar pregunta sobre a interpretación que se fai do cambio de dedicación dos profesores que aparece no Real decreto-lei 14/2012. O reitor di que mentres non se desenvolva, a Universidade seguirá cos actuais criterios de formación do POD.

Amelia Fraga cita a avaliación moi estrita da materia de Lingua Galega e as numerosas reclamacións a que deu lugar. O reitor comprométese a estudar o asunto a fondo.

Ana Barxa agradece o posicionamento da Universidade respecto das taxas, e anuncia que desde os Comités convocaron folga para o día 10 de maio. Igualmente anuncia que solicitarán da Vicerreitoría de Estudantes aclaración sobre o exercicio do dereito de folga dos estudantes.

Jorge Quintas expón unha dúbida sobre as convocatorias nas duplas titulacións, que responde o vicerreitor de títulos.

Nuria Vieira pregunta sobre as estruturas administrativas que se anuncian na memoria que acompaña a proposta dos vicedecanos de calidade.



Teresa López intervén para agradecer a estimación da súa alegación sobre o calendario de mestrados, e tamén para preguntar sobre a excepción dos mestrados con perfil de investigación. Ten que aclararse como se van interpretar eses mestrados, que só precisan de 10 matriculados para non seren suprimidos da oferta docente.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:02 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luis Armesto Barbeito